

MEMORIA ANUAL 2023

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU

VIGO
CONVENTION
BUREAU



ÍNDICE


1.- PRESENTACIÓN	3
1.1.- ORGANIGRAMA:.....	5
1.1.1.-PATRONS DA FUNDACIÓN VCB 2023	5
1.1.2.-SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2023	6
2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2023	7
2.1.-PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO	8
2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS	9
2.1.2.- ACCIÓNS.....	9
2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO	9
2.1.2.2- REDES SOCIAIS.....	10
2.1.2.3- PREVISIÓN VOOS.....	10
2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS	11
2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2023	12
2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2023.....	17
2.2.3.-ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS	20
2.3.-ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES	21
2.3.1.-ACTUALIZACIÓNCATÁLOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO	21
2.3.2.- ACTUALIZACIÓNGUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS	21
2.3.3.- INFORMES ESTATÍSTICOS TURISMO	22
2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO	22
2.4.-FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB.....	23
2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN	23
2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN	23
2.4.1.2.- WEB DA VIGOFILM OFFICE.....	24
2.4.2.- REDES SOCIAIS.....	25
2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN	26
2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA.....	26
2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS	27
2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN “MARCAVIGO”	27
2.5.1.1.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMO-MICE	27
2.5.1.2.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMOCINEMATOGRAFICO	30
2.5.2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES XEOPARQUE.....	33
2.5.2.1.- ACCIÓNS EXECUTADAS NO CONVENIO ILLAS CÍES.....	33
2.5.3.- RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED.....	45

1.- PRESENTACIÓN

A Fundación Vigo Convention Bureau en diante VCB, ten entre as súas funcións o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos para a cidade de Vigo¹.


O ano 2023 cerrou validando a recuperación e consolidación do sector, no informe² da Spain convention Bureau, móstrase a consolidación do crecemento do volume de negocio pasando dos 12.314 millóns de euros en 2019 (ano anterior á pandemia) a 13.367 millóns en 2023. Unha cifra que espera volver baterse no 2024 atendendo ás previsións do mesmo documento, que apunta a un crecemento do 11,05% e do 6,65% para os anos 2024 e 2025 respectivamente.

Dimensionamiento y previsiones de la industria MICE en España: Volumen de negocio



Debe prestarse atención o dato do gasto medio dos viaxeiros de reunións, que en 2023, sitúouse en 351,90€ fronte aos

Gasto medio diario por asistente



127,40€ que supón o viaxeiro de lecer,

constatando oforte impacto económico da industria MICE nos destinos españois.

No realacionado co nº de viaxeiros en 2023 alcanzáronse os 10,36 millóns de viaxeiros de reunións o que mostra cun incremento do +1,47% sobre 2019 e un +29,82% sobre o ano 2022.



Centrándonos nos mercados emisores clave, Alemaña, Francia, Italia e Benelux consolidan a recuperación alcanzando un volume de gasto superior ao de 2019. No lado contrario destaca Reino Unido, onde falta por recuperar case 1 de cada 5 euros que deixaba este mercado antes da pandemia e o brexit. Ademais, Reino Unido foi superado por Francia en importancia entre os mercados emisores.

	ALEMANIA	FRANCIA	REINO UNIDO	ITALIA	PORTUGAL	BENELUX
Volumen de gasto de los mercados origen en España por reuniones 2023 (Millones de €)	525-575	440-490	400-450	385-435	150-200	360-410
Peso de los mercados origen en España por motivo de reuniones internacionales (%)	7-9%	6-8%	5-7%	5-7%	2-4%	5-7%
Variación vs 2019 de gasto de los mercados origen en España por motivo de reuniones (%)	+5,6%	+26,6%	-17,4%	+32,3%	-1,7%	+38,4%

A estancia media mantense estable nos 3,2 días no apartado de nacionais, e os 5,6 días nos internacionais.



¹Artigo 4 dos estatutos da Fundación.

²Informe :“La evolución de la Industria MICE” da SCB

A Fundación exerce igualmente as funcións de oficina de rodaxes a través da marca Vigo Film Office (VFO), departamento da VCB dedicado á promoción de Vigo como espazo de rodaxe.



Entre os servizos que a Vigo Film Office presta están:

- Asesoramento a produtoras e empresas interesadas en rodar en Vigo na elección de localizacións e de provedores de servizos.
- Tramitación gratuíta das solicitudes de rodaxe en vías públicas e espazos municipais. Apoio nas solicitudes de rodaxes en espazos públicos, incluíndo praias, parques e xardíns, monumentos e edificios históricos.
- Promoción de Vigo como cidade de rodaxes en mercados audiovisuais de toda España.
- Apoio ás actividades culturais relacionadas co audiovisual que se celebren en Vigo como festivais, reunións profesionais e proxeccións.



Regresión Cero. A noite que todo cambiou (2023)



Mi cabeza me hace trampas (2023)



Oliveira dos cen anos (2023)



Musgo (2023)

1.1.- ORGANIGRAMA:

A Fundación VCB, posúe unha estrutura departamental, apoiada por un equipo multidisciplinar construído baixo o seguinte esquema, que lle permite abordar e dar resposta aos obxectivos e accións establecidas no Plan de Traballo da Fundación.




ORGANIGRAMA FUNDACIÓN VCB

A Fundación VCB contou en 2023 cunha estrutura de persoal formada por 4 persoas que desenvolveron as accións descritas nesta memoria.

1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2023



1.1.2.-SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2023



O ano rematou con **28 socios** adheridos á Fundación. En 2023 produciuse o alta de 5 novos socios e a baixa de 1.

ALTAS 2023	
NOME	SECTOR
Garpe Infografía S.L.	Servizos gráficos e impresión dixital
Bluscus S.L.	Turismo mariñeiro
Eventos Culturais Retallistas S.L.	Organización de eventos
Borealis Hotels S.L.	Hotel Eurostars Mar de Vigo 4*
Autocares Iglesias S.L.	Transporte terrestre - autobuses

BAIXAS 2023	
NOME	SECTOR
Pepe Vieira S.L.	Catering

2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2023

Na liña do apuntado polo Plan de Actuación 2023 e aprobado no Padroado celebrado en data 22 de decembro de 2022, a VCB desenvolverá ao longo deste ano o seu traballo de acordo cos seguintes eixos:

- Coordinación coas entidades públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Seguimento da actividade MICE da cidade.
- Asistencia a feiras, congresos e xornadas profesionais do sector.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do Aeroporto de Vigo e da cidade como destino, ademais da elaboración de informes estatísticos.
- Organización de viaxes de familiarización co destino.
- Elaboración de materiais de difusión e promoción da cidade como destino MICE.
- Elaboración de dossiers de apoio ás candidaturas.
- Elaboración de Informes estatísticos do Turismo.
- Elaboración de memorias xustificativas e informes sobre o sector.
- Apoio e asesoramento aos socios da Fundación VCB.
- Compilación de datos estatísticos relativos a visitantes, pasaxeiros, e ocupación hoteleira de xeito mensual.
- Tramitación de permisos de rodaxe a través da Vigo Film Office.
- Execución de mesas de traballo cos socios da VCB, para apoialos e asesoralos.
- Actualización da guía de espazos e incentivos.
- Xestión das RRSS e das webs da VCB e da VFO.
- Colaboración na promoción MARCAVIGO.
- Colaboración na candidatura das Illas Cíes a Xeparque da UNESCO.



2.1.-PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO

Dende 2012 a Fundación ten encomendadas por parte do Concello de Vigo as funcións de desenvolvemento de iniciativas relacionadas coa potenciación do Aeroporto de Vigo. Este ano a VCB estableceu dúas liñas de traballo: por unha parte, o desenvolvemento de relacións e

colaboracións con compañías aéreas e, por outra, a elaboración de materiais e ferramentas que permitan a promoción do terminal viguesa, ademais de mellorar o posicionamento e coñecemento de Vigo como destino.



O aeroporto de Peinador pechou 2023 superando o millón de pasaxeiros (1.136.157 pax.), cunha subida do +12,22% sobre 2019, e un +19,19% sobre 2022. É o mellor dato de pasaxeiros desde 2008 cando acadáronse 1.278.575 pax.

RESUMO 2023

	TOTAL	%SOBRE 2019	% SOBRE 2022
PASAXEIROS	1.136.157 pax.	+ 19,19%	+ 19,19%
	TOTAL	%SOBRE 2019	% SOBRE 2022
OPERACIÓNS	1.106 op.	+ 29,00%	+ 8,04%
	TOTAL	%SOBRE 2019	% SOBRE 2022
MERCADORÍAS	807.235 kg.	+ 49,14%	+ 17,04%

2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS

No 2023 colaborouse coa compañía BINTER na organización do 5º aniversario das súas rutas entre Vigo e Canarias, o acto tivo lugar en Vigo o 5 de maio. A compañía BINTER moveu desde o voo inaugural en maio de 2018 máis de 190.000 pasaxeiros.



2.1.2.- ACCIÓNS

Ao longo do ano executáronse as seguintes accións sobre o aeroporto de Vigo.

2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO

Mensualmente elaborouse o Informe Estatístico do aeroporto de Vigo e dos aeroportos galegos. Este informe remítese ao Concello para que dispoñan dos últimos datos da evolución do aeroporto para a toma de decisións e establecer controis de seguimento.

AEROPORTO DE VIGO DECEMBRO 2023



OPERACIÓNS

1.127

2019 (+41,76%)



PASAXEIROS/AS

88.204

2019 (+30,19%)



MERCANCÍAS (Kg)


51.552

2019 (+7,40%)



En 2023 procedeuse a publicar na web de Fundación os datos estatísticos anuais:

O **Aeroporto de Vigo** mantense entre os **22** primeiros aeroportos de AENA por nº de pasaxeiros, en 2023 alcanzou os **1.136.157 pax.**, un **19,19%** máis que en 2022. Realizaronse **14.866 operacións** na su pista, un **8,04%** máis co ano pasado, e movéronse o longo do ano 2023 **807.235 Kg** en mercadorías, un **17,04%** máis que no 2022.



14.866 OPERACIÓNS



1.136.157 PASAXEIROS



807.235 Kg

2.1.2.2- REDES SOCIAIS

Durante todo o ano mantívose a promoción do aeroporto nas redes sociais, a través da conta en Facebook e X @FlytoVigo. Publicáronse múltiples entradas para informar do día a día do aeroporto así como para manter a súa promoción e difusión, xa que ambas contas convertéronse en referentes da información sobre o aeroporto de Vigo.



2.1.2.3- PREVISIÓN VOOS

Mes a mes actualizáronse as previsións de voos, frecuencias e horarios do Aeroporto de Vigo. Esta información permitiu coñecer o estado do aeroporto en todo momento. As redes sociais foron as escollidas en maior medida para informar dos cambios nos voos.



DESTINOS AEROPUERTO DE VIGO 2024 ¹				
PENÍNSULA				
DESTINO	COMPANÍA	FECHA DE INICIO	FECHA DE FIN	DÍAS
BARCELONA	RYANAIR	01/01/2024	09/03/2024	X-S
		13/03/2024	30/03/2024	X-V-S
		31/03/2024	26/10/2024	L-J-S-D
	VUELING	ANUAL		L-M-X-J-V-S-D
BILBAO	AIR NOSTRUM	31/03/2024	15/07/2024	L-V-D
		02/09/2024	25/10/2024	L-V-D
MADRID	IBERIA	ANUAL		L-M-X-J-V-S-D
	AIR EUROPA	ANUAL		L-M-X-J-V-S-D
SANTANDER	AIR NOSTRUM	20/07/2024	31/08/2024	M-S
ISLAS				
GRAN CANARIA	BINTER	ANUAL		M-X-V-D
		2/7/2024	16/09/2024	X-V-D
	AIR NOSTRUM	05/07/2024	19/07/2024	X-V-D
		22/07/2024	30/08/2024	L-M-J-V
		04/09/2024	06/09/2024	X-V-D
IBIZA	AIR NOSTRUM	23/07/2024	29/08/2024	M-J
LANZAROTE ²	AIR NOSTRUM	19/07/2024	30/08/2024	L-V
MENORCA	AIR NOSTRUM	21/07/2024	1/09/2024	J-D
PALMA DE MALLORCA	AIR NOSTRUM	01/06/2024	8/07/2024	L-S
		10/07/2024	17/07/2024	L-X-S
		19/07/2024	02/09/2024	L-M-X-J-V-S-D
		04/09/2024	07/09/2024	X-V-S
		09/09/2024	26/10/2024	L-S
TENERIFE NORTE	BINTER	ANUAL		L-J-S
	IBERIA EXPRESS	14/06/2024	09/09/2024	L-V
INTERNACIONALES				
LONDRES (STN)	RYANAIR	01/01/2024	30/03/2024	M-J-S
		01/04/2024	29/06/2024	L-J-S
		01/07/2024	29/07/2024	L-S
		01/08/2024	31/08/2024	L-J-S
		02/09/2024	30/09/2024	L-S
		03/10/2024	26/10/2024	L-J-S

¹ PREVISIÓN: EL AEROPUERTO DE VIGO SE MANTENDRÁ CERRADO DEL 5 DE MAYO A LAS 22:30 AL 30 DE MAYO A LAS 04:30.

² EL VIERNES 6 DE SEPTIEMBRE HAY VUELO VIGO-LANZAROTE.

2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS

A Fundación Vigo Convention Bureau centra as súas accións de apoio nun conxunto de estratexias e tácticas deseñadas para garantir o éxito e a difusión de todo evento MICE a desenvolver na cidade. Estes eventos poden variar desde congresos, reunións de negocios, feiras comerciais, exposicións, convencións, conferencias e incentivos, entre outros.

O primeiro paso da captación implica a identificación e o achegamento aos potenciais prescritores, organizacións, asociacións e agrupacións industriais entre outros co potencial ou a necesidade da realización de eventos na cidade.



Os traballos da Fundación implican a recompilación, procesamento e difusión de información relevante para o evento, incluíndo o lugar, a data, o horario, o programa, os relatores, os participantes e outros detalles relevantes. Os medios usados pola Fundación para dar a maior difusión artículanse sobre o mundo dixital como son as súas redes sociais, o correo electrónico e o seu sitio web.

Unha vez confirmada a realización do evento, a Fundación céntrase na provisión de servizos e recursos necesarios para garantir que o evento sexa un éxito. Isto inclúe o transporte, a seguridade, a loxística, o aloxamento e a manutención dos participantes.



Por outra parte, no pasado ano mantivéronse as solicitudes de información de localizacións e outros servizos para gravacións audiovisuais na cidade de Vigo, recibidas pola VigoFilmOffice, as cales contaron coa coordinación interinstitucional da Fundación e o apoio técnico na xestión dos diferentes permisos e consecución de provedores (catering, espazos, impresións, etc).



2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2023

No2023a Fundación VCB, non elaborou ningunha candidatura pero si asesorou a distintos eventos para a súa celebración na cidade de Vigo:

ASESORAMENTOS DENDE A FUNDACIÓN:

LISTAXE DE COLABORACIÓNS EVENTOS 2023	
	<p>38 Jornadas Nacionales de Enfermería en Traumatología y Cirugía Ortopédica</p> <p>10 – 12 maio</p>
	<p>III Curso de Cirugía Minimamente Invasiva Hepato – Bilio - Pancreática</p> <p>18 – 19 maio</p>
	<p>XXXIII Congreso anual Internacional de Gerontología y Geriátria</p> <p>9 – 10 xuño</p>
	<p>Congreso EUNIS</p> <p>14 – 16 xuño</p>
	<p>Reunión AECP (Agencia Europea de Control de la Pesca)</p> <p>xuño</p>
	<p>XXXIII Congreso Internacional de Xerontoloxía e Xeriatria</p> <p>9 - 10 xuño</p>
	<p>EUNIS2023, European Universities and the digital transformation: Challenges and opportunities ahead</p> <p>14 - 16 xuño</p>
	<p>Jornada 50 aniversario Foncalor</p> <p>23 xuño</p>
	<p>KOKORO Japan Expo</p> <p>8 – 9 xullo</p>

	<p>Marisquiño 11 – 13 agosto</p>
	<p>Congreso de Braquiterapia de Próstata 21 – 22 setembro</p>
	<p>XXVI Xornadas AGAMFEC (Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria) 29 – 30 setembro</p>
	<p>XVIII Congreso de la Asociación Española de profesores de derecho administrativo</p>
	<p>Candidatura AquafutureSpain 2025</p>
	<p>XXIX Jornadas de la Asociación de Letrados del Tribunal Constitucional 19 – 21 outubro</p>
	<p>I Congreso Internacional CODEGA - Detectives y Ciencias Forenses 20 – 21 outubro</p>
	<p>Foro Internacional de Ecosistemas de Salud 8 – 9 novembro</p>
	<p>BIODAYS 2024</p>
	<p>Congreso Sociedad Española de Implantes 2024</p>
	<p>Candidatura Lipedema International Meeting 2024</p>
	<p>Candidatura Congreso Nacional de Farmacéuticos Comunitarios – SEFAC 2026</p>

ASESORAMENTOS DENDE A VIGOFILM OFFICE

LISTAXE DE COLABORACIÓNS DESDE A VIGO FILM OFFICE	
	<p>Why? Because</p> <p>Xestión permisos de rodaxe e asesoramento</p>
	<p>Toxo Verde – Videoclip</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>Apocalipsis Z</p> <p>Xestión permisos de rodaxe e asesoramento</p>
	<p>Ficción Producción Una historia de crímenes 2</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>Vigo 72</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>Spot Café Delta</p> <p>Xestión permisos de rodaxe e asesoramento</p>
	<p>James Martin´sSpanishAdventure</p> <p>Xestión permisos de rodaxee asesoramento</p>
	<p>FazetaProducciones – Spot publicitario</p> <p>Asesoramento permisos de rodaxe</p>
	<p>Programa Telemadrid</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>ViajerosCuatro</p> <p>Xestión permisos de rodaxe e asesoramento</p>
	<p>Salvados</p> <p>Xestión permisos rodaxe</p>

	<p>EspañaXDescubrir</p> <p>Xestión permisos de rodaxe e asesoramento</p>
	<p>Fundación La Caixa "Vidas Contadas"</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>Spot publicitario Bimba y Lola</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>CRU PRODUCCIÓN</p> <p>Xestión permisos de rodaxe e asesoramento</p>
	<p>M International Audiovisual "Galicia o Segredo da Lonxevidade"</p> <p>Xestión permisos de rodaxe e asesoramento</p>
<p>Goroka</p>	<p>GorokaContents S.L.</p> <p>Asesoramento e permisos de rodaxe</p>
	<p>GotTalent España</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>Bambú Producciones S.L. (Caso Asunta)</p> <p>Xestión permisos de rodaxe</p>
	<p>Verve Audiovisual S.L.</p> <p>Xestión permisos rodaxe spot publicitario</p>
	<p>¡Qué Animal!</p> <p>Programa TVE xestión permisos rodaxe</p>
	<p>Casting filme "San Simón"</p> <p>Xestión permisos para a cesión do uso do Verbum e permisos para a realización do casting</p>



Un país para escucharlo – TVE2

Xestión permisos de rodaxe



Batalla de restaurantes - LaSexta

Xestión permisos de rodaxe



Spot publicitario – Xunta de Galicia

Xestión permisos de rodaxe



“Romería” de Carla Simón

Colaboración casting e preproduccion



Xestión e asesoramento de permisos para a rodaxe dos alumnos do IES Audiovisual de Vigo e rodaxes independentes.

- El falso San Benito
- O banco das palabras
- Estigmas
- Colapso
- Fabada perdida
- Mata Hari
- A Pedra
- Agorafobia
- Terra Trágame
- Lixo
- El viaje de la escritora
- O corazón de Xúpiter
- Olivia
- La ajorca de oro
- IA: nuestra aliada y nuestro desafío.
- A moza que abortou e o contou

2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2023

EVENTOS 2023			
MES	DÍAS	EVENTO	LUGAR DE CELEBRACIÓN
Xaneiro	19 – 20	ModellingthelinguisticarchitectureofEnglish: cognitiveandempiricaldevelopments	MARCO
Febreiro	2	Premios Ardan	Auditorio Mar de Vigo
Febreiro	7 – 9	Foro Fundamental – Foro Empleo	Auditorio Mar de Vigo
Febreiro	11 – 12	Reto auto & moto Galicia	IFEVI
Febreiro	14	Seminario AENOR	Hotel Hesperia
Febreiro	17	Convención Generali Seguros	Auditorio Mar de Vigo
Febreiro	23 – 24	V Simposio Nacional de Oncología de Precisión	AFUNDACIÓN
Febr./marzo	28 – 2	23 Edición Foro Tecnolóxico de Empleo	UVIGO
Marzo	4 – 5	Concurso Camelia	Auditorio Mar de Vigo
Marzo	6	Mentes Expertas 2023	Auditorio Mar de Vigo
Marzo	8 – 12	Salón del Automóvil y la motocicleta de Vigo	IFEVI
Marzo	9	FeriaFranquiAtlántico XXII edición	Sede Zona Franca
Marzo	10	Gala Turismo Rías Baixas	Auditorio Mar de Vigo
Marzo	11	JornadaVacacional 2023 – Te encontré	Seminario Mayor
Marzo	13	Medicalexpertraining de Bariátrica	Álvaro Cunqueiro
Marzo	13 – 14	Enseñanzas Artísticas	Auditorio Mar de Vigo
Marzo	16 – 19	Motorocasión – XXIII Salón del Vehículo usado y de ocasión	IFEVI
Marzo	17	MaritimeTrends – ASIME	Auditorio Mar de Vigo
Marzo	24	XXVIII Reunión gallega de Tuberculosis y Enfermedades Respiratorias	Álvaro Cunqueiro
Abril	12 - 13	II Congreso Interfish – España (Sostenibilidad en la pesquería de palangre de superficie)	AFUNDACIÓN
Abril	12 - 14	Jornadas de la CCS (ConsejosSociales de las Universidades españolas)	AFUNDACIÓN
Abril	14	JornadaConstruir un futuro para el campo de Galicia	Círculo Empresarios
Abril	16	AsambleaTestigos de Jehová	Auditorio Mar de Vigo
Abril	17 - 18	5º Congreso Internacional de ADFAS (Asociación Internacional de la Asociación de Derecho de Familia y Sucesiones)	UVIGO
Abril	20 - 21	StartupCongress	Palacio de la Oliva
Abril	21	7ª edición Galicia MarketPlace - Construir un futuro para el sector marítimo pesquero de Galicia	Círculo Empresarios Vigo
Abril	21 - 23	AaronbrilTattoo Festival	IFEVI
Abril	26 - 28	30 Congreso Nacional del Capítulo Español de Flebología y Linfología de la SEACV / 3 Congreso Ibérico de Flebología y Linfología / XI Edición del Curso de Escleroterapia en Fleboestética y Patología Venosa del CEFyL	AFUNDACIÓN
Abril	27	Xornada networking e liderado "Soltando amarras"	Sede Zona Franca
Abril	28	II Xornada SAUDEPOL (Saúde mental policía)	Comisaría Policía Nacional
Abril	28 - 1	Vigoporté	Auditorio Mar de Vigo
Maio	5	Jornada TDAH y mujer	Auditorio Concello de Vigo
Maio	6	VI Congreso de mulleres viúvas demócratas de Vigo	AFUNDACIÓN
Maio	8 - 14	WorldPadelTour	IFEVI
Maio	9	Jornada de la Semana Galega de Cooperación Universitaria ao	UVIGO
Maio	10 - 12	XXXVIII JornadasNacionales de Enfermería en Traumatología	Auditorio Mar de Vigo
Maio	17 - 23	Selección Eurobasketfemenido	
Maio	18 - 19	3ª Edición del Curso de CirugíaMínimamenteInvasivaHepato-Bilio-Pancreática	Álvaro Cunqueiro
Maio	24	XXIX Seminario de Logística	EscuelaIngeniería
Maio	25	Congreso Técnicos de Cuidados Auxiliares de Enfermería (TCAE)	Álvaro Cunqueiro
Maio	25 – 26	JornadasanualesEuropeanProcurementLowGroup	UVIGO
Maio	26	VI Congreso de Primavera de Avogados Novos	Círculo Empresarios









Maio	27	III Congreso Knotgroup–Odontología	AFUNDACIÓN
Maio	31 - 2	XXXVII Congreso científico de AEDEM (Academia Europea de Dirección y Economía de la Empresa)	UVIGO
Xuño	1 – 2	XXXVII Congreso científico de AEDEM	UVIGO
Xuño	1 – 2	I Jornada de Ciencia Abierta	Zona Franca - Arenal
Xuño	7 – 9	II edición de TheThinkingInstitute	UVIGO
Xuño	8	Jornada informativa por el Día Mundial de la Esclerosis Múltiple	Fundación Sales
Xuño	9	VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero – Epistemoloxías	UVIGO
Xuño	9 – 10	XXXIII Congreso Internacional de Xerontoloxía e Xeriatría	Verbum
Xuño	14	XV Convención Nacional CenterBrok	Hotel Pazo los Escudos
Xuño	15	Convención anual NB21 – para ti, para todos	Hotel Pazo los Escudos
Xuño	14 – 16	EUNIS2023, EuropeanUniversitiesandthedigitaltransformation: Challengesandopportunitiesahead	Auditorio Mar de Vigo
Xuño	15 – 17	Congreso Europeo de Lingüística Sistémica Funcional	AFUNDACIÓN
Xuño	20 – 22	MINDTECH	IFEVI
Xuño	21 – 23	IX Congreso Internacional de Fonética Experimental (CIFE-2023)	UVIGO
Xuño	21 – 23	VIII JornadasNacionales de Investigación en Ciberseguridad (JNIC)	AFUNDACIÓN
Xuño	23	Jornada 50 aniversario Foncalor	Hotel Attica21
Xuño	26 – 28	XXI Jornadas de los Servicios Universitarios de Empleo	UVIGO
Xuño	27 – 28	Vigo Global Summit	Auditorio Mar de Vigo
Xuño	27 – 30	XIX Conferencia Española de Biometría y VIII Encuentro Iberoamericano de Biometría	EscuelaIngeniería Industrial
Xullo	6 – 7	Congreso Internacional o impacto da intelixencia artificial no Dereito do Traballo e da Propiedade Intelectual e Industrial	Autoridad Portuaria
Xullo	8 – 9	KOKORO Japan Expo	IFEVI
Agosto	11 – 13	Marisquiño	Samil / centro
Agosto	18 – 20	VII Interplanetario	Auditorio Mar de Vigo
Setembro	12 – 13	E-atlántico Salón Ecommerce&MiktDigital	Auditorio Mar de Vigo
Setembro	14 – 15	Conferencia Mundial del Atún	AFUNDACIÓN
Setembro	15	Xornada: Voute perservar miñoa (videoxogos en galego)	Edificio Redeiras
Setembro	15 – 16	XXXIV Congreso de Estudios de Telecomunicación (C.EE.T.)	UVIGO
Setembro	18 – 19	II Encuentro Ibérico de Agrupaciones Europeas de Cooperación Territorial (AECT)	Edf. Cetmar
Setembro	18 – 22	NAFO	Auditorio Mar de Vigo
Setembro	20 – 22	59th meetingoftheSociety for LowTemperatureBiology	UVIGO
Setembro	21 – 22	Congreso de Braquiterapia de Próstata	Hotel Bahía
Setembro	22	Xornada sobre “Non discriminación e Lei 15/2022”	UVIGO
Setembro	29 – 30	XXVI Xornadas AGAMFEC (Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria)	Verbum
Outubro	3 – 5	CONXEMAR	IFEVI
Outubro	6 – 7	Foro Educa	Auditorio Mar de Vigo
Outubro	9 – 10	Congreso STAR UNESCO23	UVIGO
Outubro	10 – 11	EuroOCEAN	Auditorio Mar de Vigo
Outubro	17	III Foro empresarial pola igualdade 2023	CEP
Outubro	19 – 21	XXIX Jornadas de la Asociación de Letrados del Tribunal Constitucional	MARCO
Outubro	20 – 21	I Congreso Internacional CODEGA - Detectives y Ciencias Forenses	Hotel Attica 21
Outubro	20 – 22	Seminario de Yoga	Hotel Ciudad de Vigo
Outubro	23 – 24	IV Congreso Internacional Carlos Fernández - Novoa - Novas tendencias no dereito da competencia e da propiedade industrial e intelectual	UVIGO
Outubro	24	VII Congreso Empresarial "Acción e Implicación"	AFUNDACIÓN
Outubro	25	II Congreso Internacional de Innovación Docente - A Ensinanza do dereito a debate	Peirao de Trasatlánticos
Novembro	8 – 9	III Foro Internacional de Ecosistemas de la Salud	Hotel Attica 21
Novembro	9 – 10	II Congreso Ibérico de Dereito de Familia e Sucesións	UVIGO
Novembro	10	I Asemblea Anual CIMentos	CIM - UVIGO
Novembro	10	Xornada Xogos serios en educación	Escola Teleco - Uvigo
Novembro	15	Jornada sobre colectivo LGTBI y obligacionesempresariales	Colexio Arquitectos
Novembro	15	Xornada "Encuentro con pacientes diagnosticados de Mieloma Múltiple"	Hospital Álvaro Cunqueiro

Novembro	16	VII Congreso Internacional de Prevención y Seguridad Industrial 4.0	CFV
Novembro	19 – 21	Gastro Movida Summit	Tinglado
Novembro	21	Congreso Anual de la Asociación Nacional del Taxi (ANTAXI)	Verbum
Novembro	23	Jornada de Participación de Pacientes sin Investigación	Hospital Álvaro Cunqueiro
Novembro	23 – 24	X Jornadas de Cuestiones Prácticas de Derecho Procesal Civil	Vialia
Novembro	27 – 29	XXVII Xornadas de Filosofía “Filosofía e psiquiatría: Trastornos mentais”	Delegación territorial Xunta
Novembro	29 – 30	II Congreso MaritimeTrendsSummit - Cumbre Internacional Naval, Marítima y Portuaria	
Decembro	18	Mentes Experta 2023	Auditorio Mar de Vigo

O número total de eventos, feiras e congresos desenvolvidos na cidade de Vigo en 2023 foi de 100, un 20% máis co ano pasado (83).

2.2.3.-ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS

Neste período a VCB asistiu a:

LISTAXE ASISTENCIA A FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS 2023	
	<p>FITUR 2023 <i>Madrid 18 – 22 xaneiro</i></p>
	<p>Asemblea anual SCB <i>Palma de Mallorca 16 – 17 marzo</i></p>
	<p>Festival de Málaga <i>10 – 19 marzo</i></p>
	<p>II Jornada de conectividad aérea Turespaña – AENA <i>Sevilla 29 marzo</i></p>
	<p>Global Summit <i>Vigo 27 – 28 xuño</i></p>
	<p>Foro CONVERSA <i>Santiago 25 outubro</i></p>
	<p>ShootingLocations Marketplace <i>Valladolid 17 – 18 outubro</i></p>
	<p>Asemblea SpainFilmCommission <i>Madrid 16 novembro</i></p>


2.3.-ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES

A Fundación é un actor fundamental no desenvolvemento da imaxe de Vigo como destino e así, no marco de actuacións no ano 2023, leváronse a cabo as seguintes accións:

2.3.1.-ACTUALIZACIÓN CATÁLOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO

En 2023 actualizouse a guía de espazo na web da Fundación como un paso máis cara a dixitalización dos contidos, á vez actualizouse e ampliouse a listaxe dos espazos dispoñibles na cidade de Vigo, ó longo de 2023 procedeuse á ampliación e actualización dos espazos presentes no catálogo. Os espazos mantiveronse articuláronse nas 3 categorías definidas na súa creación:


- Espazos principais
- Espazos en hoteis
- Espazos singulares.



2.3.2.- ACTUALIZACIÓN GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS

Á guía de incentivos incorporáronse novas actividades e actualizáronse contidos na procura de mellora constante deste recurso, moi demandado polos organizadores de eventos en Vigo. Os espazos distribuíronse nas seguintes categorías:

- Urbanos
- Natureza
- Náuticos
- Gastronomía e Enoloxía
- Cultura



2.3.3.- INFORMES ESTADÍSTICOS TURISMO

Por solicitude da Concellería de Turismo do Concello, mensualmente elabórase unha memoria estatística para analizar o estado e as cifras do turismo na cidade. Para a realización da memoria utilízanse as seguintes fontes:

- Datos mensuais do INE.
- Datos estatísticos mensuais do CRV.
- Datos recollidos nos hoteis da cidade.
- Portos do estado.

A estes informes engádense os específicos solicitados desde o Concello ó longo do ano.



2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO

Mantivéronse as enquisas mensuais por mail para facer o seguimento do sector, co obxectivo de establecer liñas de actuación. As enquisas remítense na primeira semana do mes, analízanse e remítense os resultados ó sector. Ó longo do ano activáronse recollidas específicas de datos aproveitando o periodo estival, a celebración de eventos na cidade, ademais de pontes e festivos.



2.4.-FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB

Durante todo o ano mantívose o proceso de actualización das páxinas web. A difusión e promoción das accións da VCB debe seguir un proceso ordenado nos seus contidos, tempos e formas, así como utilizar os mellores medios de información ao seu alcance.

A VCB usa as seguintes canles e medios a nivel dixital.

- Páxinas web
- Redes sociais
- Listas de distribución
- Clipping
- Publicacións



2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN

A Fundación ten en activo os seguintes espazos web:

- www.vigocb.org
- www.vigofilmoffice.es



2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN

Continuamos coa actualización e modernización das ferramentas comunicativas online da Fundación mediante a creación de novas áreas na páxina web, o cal permite incorporar novos contidos e materiais dirixidos aos profesionais da organización de eventos e congresos.

Na web publicáronse ademais noticias de elaboración propia de interese para o sector.

NOVAS

Busca no noso blog ...



Vuelve a Vigo la feria vegana y sostenible de Galicia
 Mar 4, 2024 | Festival, Vigo
 Vegana.gal, la feria vegana y sostenible de Galicia, celebrará una nueva edición los días 26 y 27 de octubre de 2024 en el Recinto Ferial de Vigo (RFV). Las entidades expositoras que deseen formar parte del evento ya pueden inscribir su solicitud a través de la...



Referentes de la geología mundial se suman al comité científico para respaldar la candidatura de las Islas Cies a Geoparque de la Unesco
 Mar 31, 2023 | Cies
 Las Islas Cies se preparan para su reconocimiento internacional como Geoparque de la UNESCO con el apoyo de un comité de expertos de más de 20 investigadores e investigadoras. El alcalde agradece esta mañana, en la presentación de la candidatura, la participación y...



Ocean Secrets retoma este sábado sus rutas guiadas por la Ría
 Mar 2, 2023 | Sin categoría
 Los croceros culturales y de interpretación subacuática por la Ría de Vigo que realiza Ocean Secrets retoman este sábado 4 de marzo sus recorridos. Ocean Secrets realiza visitas guiadas por la Ría de Vigo a bordo del NAUTILUS, un barco diseñado específicamente para...

2.4.1.2.- WEB DA VIGOFILM OFFICE


A páxina web da Vigo Film Office informou durante todo o ano sobre os distintos proxectos filmados na cidade.

A webé unha ferramenta necesaria para mostrar o traballo que leva a cabo o departamento e serve ademais como plataforma para interactuar co sector audiovisual e ofrecer a información necesaria no referente a rodaxes.



A carga de novos contidos e actualizacións, foi continua ao longo de 2023, especialmente no referente a :

- Filmografía completa da cidade de Vigo (longametraxes, curtas, documentais, videoclips, etc..).
- Localizacións de rodaxe na cidade.
- Áreas de directorios.
- Novas.



2.4.2.- REDES SOCIAIS

Actualización diaria de contidos nas redes sociais nas que a Fundación está presente, Facebook, X, Instagram, Linkedin e Youtube, compartindo tanto material propio como doutras contas que consideramos interesantes para os nosos seguidores.

LISTAXE REDES SOCIAIS FUNDACIÓN VCB

REDE	SEGUIDORES
https://es-es.facebook.com/VigoConventionBureau	2.851
https://twitter.com/VigoCB	2.516
https://www.facebook.com/FlyToVigo/	669
https://twitter.com/flytovigo	1.463
https://es-es.facebook.com/vigofilmoffice	1.695
https://twitter.com/vigofilmoffice	1.511
https://twitter.com/visitcies	1.083
https://www.facebook.com/Visitciesislands/	614
https://www.instagram.com/visitciesislands/	1.044
https://www.instagram.com/vigofilmoffice/	857
https://www.instagram.com/vigoen90segundos/	340
https://www.linkedin.com/in/vigocb/	488



Capturas das RRSS da Fundación Vigo Convention Bureau

Mantense a procura periódica de perfís de interese aos que seguir para establecer sinerxias con empresas e entidades do sector ou profesionais do mesmo, que poidan aportar un valor engadido ás nosas redes.

2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN

Para axilizar e protocolizar os procesos de información diarios, actualizamos e ampliamos unha serie de listas de distribución.

LISTAS CREADAS

- *Patróns*
- *Hotéis*
- *Prensa*
- *Socios*
- *Congresos*
- *Clipping*



2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA

Diariamente procédese á selección de noticias para a ceación dun clipping de prensa. As noticias son tanto locais como nacionais e internacionais, prestando especial atención aos asuntos que son máis próximos e afectan en maior medida aos nosos socios.



Este resumo de novas sirve de base para a análise da actualidade e a programación de redes sociais por parte do departamento de comunicación.

Cada mañá o clipping envíase aos socios e colaboradores da Fundación e procedemos ao arquivo na nosa base de datos das que consideramos máis importantes.

2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS

2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN “MARCAVIGO”

O 22 de maio de 2023 firmouse un Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para a promoción da MARCAVIGO, durante o ano 2023, cun orzamento 250.000,00€. As accións a desenvolver foron detalladas nun Anexo I presentado previamente á firma do Convenio; ditas accións agrúparonse en dúas áreas principais, que foron:

- Turismo-MICE.
- TurismoCinematográfico.

2.5.1.1.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMO-MICE

A continuación enuméranse as accións executadas dentro desta área.

2.5.1.1.1.- APOIO E INCENTIVOS PARA EVENTOS EN VIGO

Durante a execución do convenio neste apartado realizáronse as seguintes accións:

- Organización de visitas e rutas guiadas:

- Procedeuse á contratación de rutas guiadas pola Ría de Vigo e Illas Cíes sen desembarco, con ou sen degustación. As rutas realizáronse en barco para coñecer e gozar da paisaxe da fermosa Ría de Vigo desde o mar e bordeando as Cíes, permitindo descubrir a súa historia, paisaxe e tradicións marítimas. Observáronse puntos tan importantes da súa costa como o porto pesqueiro de Vigo, o monte de A Guía, os pobos mariñeiros do Morrazo, como Cangas e Moaña, os polígonos de bateas, etc., e, no seu caso, degustando a bordo un dos produtos estrela da nosa terra: o mexillón.
- Contratáronse rutas promocionais guiadas científico-divulgativas pola Ría de Vigo. Os percorridos guiados científico-divulgativos realizáronse en barco pola Ría cun contido específico desenvolvido para grupos de turismo, axuntando o entretemento e a divulgación ambiental e patrimonial, dando a coñecer a Ría dunha forma nova e moi especial, achegando aos asistentes a unha



experiencia sen precedentes que une o turismo e a ciencia dunha forma sorprendente, entretida e educativa.

- Visitas promocionais guiadas ás Illas Cíes. As visitas promocionais guiadas comprenderon a travesía en barco con desembarco nas Illas Cíes máis ruta guiada polas illas, cun guía por cada 25 pasaxeiros, que facilitou información do máis interesante deste Parque Nacional protexido como son: as súas praias, a paraxe insólita de abruptos acantilados e augas turquesas no medio do Atlántico, os faros, a fauna e flora, etc.
- Organización de visitas guiadas.
- Traslados de congresistas.
- Realización e entrega de paquetes de merchandising da Marca Vigo como material de promoción.
- Contratación de actuacións culturais.
- Promoción en RRSS dos eventos.



2.5.1.1.2.- ACCIÓNS DE PROMOCIÓN, CAPTACIÓN E DIFUSIÓN TURÍSTICA.

Durante a execución do convenio impulsouse a promoción da cidade e a difusión dos seus atractivos en busca da captación de eventos para a cidade. As accións desenvolvidas foron:



- Participación en feiras, xornadas e eventos con interese para a captación e promoción:
 - Aniversario BINTER ruta Vigo-Canarias. (5 de maio).
 - Participación en Programa TV Got Talent.(14-16 de xuño)
 - Acción promocional Internacional da Marca Vigo no distrito de Aveiro (Portugal).(17 xuño -1 de xullo)
 - Participación na “Semana Internacional de la Huerta y el Mar en Murcia”. (14 - 24 de agosto)
 - Patrocinio promocional no Vigo TENIS OPEN 2023 (8 -16 de outubro).
 - Patrocinando o próximo Salón do automóbil e motocicleta de Vigo participouse nas seguintes Feiras especializadas:
 - Auto Clásico Porto 2023 (5 - 8 de outubro).
 - Retro Clásica Bilbao 2023 (10 - 12 de novembro).
 - Retromóvil Madrid 2023 (.24 - 26 de novembro).



- Concurso de Tapas Petisquiño 2023 (9 -26 de novembro).

2.5.1.1.3.- DESEÑO ELABORACIÓN DE MATERIAIS PROMOCIONAIS

Elaboráronse materiais ligados á imaxe e valores da cidade e diverso merchandising que permitiu tanto o apoio á potencial captación e celebración de eventos, como a atención aos congresistas. O material desenvolvido foi:

- Bandeiras e balconeras promocionais.
- Bolígrafos con punteiro para tablet, cor vermella.
- Lapis cor vermella.
- Caderno polipel tapa ríxida, peche con goma, cor vermello, Medidas 14,7 x 21.
- Caderno polipel, tapa ríxida, peche con goma, cor vermello, Medidas 9,5 x 14,5.



2.5.1.1.4.- CAMPAÑAS-ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EN MEDIOS

Desenvolvéronse accións dirixidas a públicos obxectivos amplos mediante medios de comunicación de masas como a “targets” específicos e profesionais:

- Programa Radiofónico CONVERSA para promocionar “Outros turismos” (25 outubro)
- Programa Radio Nacional “Cadena SER Hora 14”, acendido alumeado Nadal (24 novembro).



2.5.1.1.5.- ESTUDOS E INFORMES RELACIONADOS CO TURISMO

Nesta apartado realizáronse as seguintes accións:

- Seguimentos específicos das ocupacións nos hoteis da cidade.
- Recollida de datos de visitantes.



2.5.1.1.6.- SERVIZOS NA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ASISTENCIA TÉCNICA

Contratouse unha asistencia técnica para axudar na realización de expedientes e contar co asesoramento xurídico para o bo desenvolvemento das accións realizadas dentro do convenio.

O persoal da Fundación VCB ofreceu ás persoas e empresas que desexaron organizar algún evento na cidade unha serie de servizos gratuítos, tales como:



- Apoio técnico na presentación de candidaturas de congresos.
- Axuda na organización e a loxística.
- Xestión de espazos.
- Asesoramento sobre Palacios de Congresos, hotéis e servizos anexos (transporte, azafatas, tradución simultánea, material audiovisual, guías turísticos, caterings, restaurantes, etc..)
- Asesoría de planificación e organización de reunións.
- Asesoramento a profesionais interesados en organizar a súa reunión en Vigo.
- Asesoramento na elección do marco máis adecuado para calquera acontecemento, e información sobre as infraestruturas da cidade.
- Entrega de material promocional de Vigo e información xeral sobre a cidade.
- Colaboración na obtención de accesos a museos e acontecementos culturais e na utilización de edificios históricos singulares.
- Actividades de promoción destinadas a fomentar a organización de reunións en Vigo.

Co fin de medir o retorno de inversión (ROI) en cada un dos eventos patrocinados pola Fundación, é necesario realizar informes de estimación previa do posible retorno económico en termos publicitarios que podería ter o evento a celebrar, polo que a Fundación realizou a contratación da elaboración de informes de valoración do retorno económico dos contratos de patrocinio, a fin de satisfacer a necesidade de promoción de difusión de Vigo nos eventos de promoción turística, eventos publicitarios e actividades deportivas na cidade de Vigo.



2.5.1.2.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMOCINEMATográfico

A continuación enuméranse as accións enmarcadas dentro deste área.

2.5.1.2.1.- PARTICIPACIÓN EN FITUR SCREEN 2023-2024

A Spain Film Commission co-organiza xunto a Ifema- Feira de Madrid, Fitur Screen, un espazo destinado ao turismo cinematográfico dentro da Feira Internacional de Turismo (FITUR). A Vigo Film Office acudiu en xaneiro do 2023 a presentar Vigo como plató de cine dentro desta 5ª edición de Fitur Screen, cuxo obxectivo este ano centrouse en promover o vínculo cada día máis estreito entre o audiovisual e o turismo e poñer en valor as novas propostas de lecer xurdidas ao redor das rodaxes en España.



Para a presentación de Vigo contouse coa colaboración de dúas actrices galegas:

- Uxía Blanco y Déborah Vukúsic

2.5.1.2.2.- CELEBRACIÓN DE FAM TRIPS

No mes de febreiro (23-27) celebrouse un Famtrip de localizadores de cinema e televisión de toda España. En total participaron seis profesionais que traballaron en producións de prestixio como “La casa de papel”, “VampireAcademy”, “Cuéntame cómo pasó” e campañas de publicidade.



Durante catro días, mostrámoslles as localizacións máis interesantes de Vigo e arredores como o Porto, o Campus universitario, a Etea, Castrelos, praias e o Casco Vello. Ademais, tiveron a ocasión de reunirse con representantes do sector audiovisual galego para compartir experiencias e crear novas sinerxías.

2.5.1.2.3.- ACCIÓNS DE PROMOCIÓN, APOIO E PRESENTACIÓN

No marco da promoción da cidade de Vigo e a presentación da Vigo Film Office promoverase a participación en distintos festivais, eventos, asembleas e actividades formativas realizadas no territorio nacional e internacional. Unha mostra das posibles participacións e colaboracións previstas son:



- Plataforma de formación e coprodución Ventura: presentación do labor da Vigo Film Office aos participantes desta plataforma, cineastas nacionais e internacionais (9 de marzo).
- Laboratorio para creadores audiovisuais Conecta Lab. Colaboramos co laboratorio na organización da masterclass de Iciar Bollaín, que se desenvolveu no Museo MARCO (15 abril), aberta ao público. Ademais, ofrecemos aos participantes un roteiro de localizacións por Vigo.
- Programa TV “Viajeros Cuatro”.
- Participación no mercado do Festival de Cinema de Málaga (13-16 marzo) e apoio aos festivais de Vigo FreakyFilm Festival (27-30 setembro) e CityBlue Festival (27 nov-2 dic).
- Asemblea da SpainFilmCommission (16 novembro).



- Feira ShootingLocations Marketplace de Valladolid: participación na terceira edición desta feira (16-18 de outubro) na que estiveron máis de 70 localizadores e produtores nacionais e internacionais, sobre todo americanos e británicos.
- Apoio a estreas de películas rodadas na cidade e á súa promoción.
- Apoio a eventos cinematográficos na cidade.
- Apoio loxístico - posibilidade de axuda nos aloxamentos, cesión de espazos etc.- á rodaxe de películas, curtos, documentais e festivais que consideremos de especial relevancia para a cidade.



2.5.1.2.4.- EDICIÓN DE MATERIAIS, FOLLETOS E MERCHANDISING

Neste apartado incluímos a edición de materiais de promoción de Vigo como estudio de cinema:

- Roll up con imaxes de rodaxes de películas e series en Vigo para utilizar en distintos eventos promocionais.
- Traducións en inglés para completar o catálogo de localizacións da VFO
- Deseño do mapa en papel do roteiro de cinema que previamente realizamos para a App Vigo.



2.5.1.2.5.- PROGRAMA RUEDA-ACADEMIA DE CINE

A Vigo Film Office coorganizará xunto á Academia de Cinema do 15 ao 20 de abril o "Programa Rueda". Durante cinco días, os cineastas participantes nas plataformas formativas Roda e Residencias da Academia, instalaranse na cidade para desenvolver os seus proxectos e para participar en diferentes actividades abertas ao público.

Reservamos con antelación a hospedaxe e a reserva dos voos co obxectivo de conseguir os prezos máis axustados.

O Orzamento total do convenio foi de : 250.000,00.



2.5.2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES XEOPARQUE

O 17 de novembro de 2023, asinouse un Convenio de colaboración entre a Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo e a Fundación VCB para dar continuidade á difusión das accións en 2023 que permitan conducir á declaración das Illas Cíes como Xeoparque mundial da UNESCO. O convenio tivo un orzamento de 250.000,00€.

Para este ano 2023 estableceuse un único obxectivo principal a acadar no desenvolvemento do proxecto: *Establecer accións de promoción e divulgación conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Xeoparque Mundial da UNESCO”.*

O 31 de marzo de 2023, fíxose a presentación no Auditorio Mar de Vigo da próxima candidatura das Illas Cíes a Xeoparque Mundial da UNESCO. Na presentación estableceuse unha folia de ruta para esta nova candidatura. Estiveron presentes autoridades municipais encabezadas polo Excmo. Alcalde de Vigo, e os membros dos distintos comités que se encargarán de levar a cabo os traballos deste novo proxecto.



2.5.2.1.- ACCIÓNS EXECUTADAS NO CONVENIO ILLAS CÍES

A continuación enuméranse as accións executadas dentro desta área.

2.5.2.1.1.- CONCURSO DEBUXO E VÍDEO “XEOPARQUE ILLAS CÍES, O PARAÍSO DE TODOS”

Iniciouse un ano máis o concurso de debuxo e vídeo, infantil-xuvenil, centrado nas Illas Cíes, como Xeoparque. A execución fíxose a través dun xornal de tirada garantida. Os debuxos e vídeos gañadores publicáronse nas páxinas do xornal elixido, e na galería fotográfica da súa web. Realizouse cobertura informativa da acción tanto en dixital como en papel.



Unha vez fallados os premios, organizouse un acto no que se entregaron a cada un dos/das gañadores/as nas distintas categorías os agasallos correspondentes, dándoselle a apropiada cobertura informativa.

O tema dos traballos foi: Xeoparque Illas Cíes, O paraíso de todos. Houbo dúas categorías: a individual, que consistiu nun concurso de debuxo, e a colectiva, que consistiu na elaboración dun vídeo colectivo relacionado coas Illas.

Na parte de debuxo, ao concurso poden presentarse nenos de Educación Infantil e Primaria, de forma individual. Asemade, na parte colectiva da realización do vídeo, poden presentarse, ademais de Infantil e Primaria, tamén os nenos e nenas de E.S.O.

Os traballos individuais tiveron as seguintes categorías:

- Grupo 1: 1º e 2º de primaria
- Grupo 2: 3º e 4º de primaria
- Grupo 3: 5º e 6º de primaria
- Grupo 4: Educación infantil



Os traballos colectivos en formato de vídeo, cunha duración máxima de 5 minutos presentáronse a través do formulario habilitado na web, ou a través de correo electrónico. Os grupos dentro desta categoría foron 7 tamén organizados por tramos de idade:

- Grupo 1: 1º e 2º de primaria
- Grupo 2: 3º e 4º de primaria
- Grupo 3: 5º e 6º de primaria
- Grupo 4: Educación infantil
- Grupo 5: 1º e 2º de ESO
- Grupo 6: 3º e 4º de ESO
- Grupo 7: Educación Especial



O calendario de actuacións do concurso executouse como mostra a seguinte táboa:

CALENDARIO CONCURSO	
MÉRCORES 20 DE DECEMBRO	INICIO CONCURSO
VENRES 2 DE FEBREIRO 2024	REMATE RECEPCIÓN ORIXINAIS A PARTICIPAR
MÉRCORES 7 DE FEBREIRO 2024	REUNIÓN DO XURADO
MARTES 20 DE FEBREIRO 2024	ENTREGA DE PREMIOS

O concurso iniciouse o 20 de decembro cunha páxina a cor do concurso e rematou o 8 de febreiro coa publicación dos escolares gañadores. O concurso tivo 3.400 participantes na categoría individual, e 30 vídeos na colectiva.

Imprimíronse 31.000 láminas, para participar na categoría de debuxo e foron encartadas o 21 de decembro, 18.000 no xornal Faro de Vigo.



Lámina impresa e encartada

Adquiríronse agasallos para os nenos e nenas gañadores do concurso de debuxo, e do concurso colectivo audiovisual, o número de premios entregados na categoría de debuxo individual foi de 12 premios. Os gañadores/as do concurso de debuxo recibiron un lote de agasallos composto por:

- Bono agasallo: Billetes de barco ás Illas Cíes para 2 adultos + neno/a.
- Tarxeta bono agasallo, centro comercial.
- O seu debuxo enmarcado.



TARXETA BONO AGASALLO	UDS.	VALOR
1º Premio	4	100€
2º Premio	4	75€
3º Premio	4	60€
*Distribución tarxetas bono agasallo C.C.		

Pola súa banda os gañadores do concurso Colectivo 7, recibiron un lote de agasallos composto por:

- Bono agasallo: Billetes de barco para 25 nenos e nenas e 2 profesores e profesoras.

Dentro do ámbito do concurso e coa idea de dar a coñecer a presentación da próxima candidatura a Xeoparque, desenvolveronse 3 páxinas BContent:

- Unha dobre páxina informativa con toda a información do proxecto de Xeoparque. Publicadas estas 2 páxinas o 16 de decembro.
- Unha páxina coa presentación do novo proxecto de Xeoparque ós nenos e nenas no CEIP Lope de Vega da cidade, con entrega das novas láminas ao centro en cuestión e explicación do novo proxecto. Publicada o 9 de decembro.

El Concello promueve la máxima protección de las Cíes como geoparque de la Unesco

El proyecto escolar de FARO "O Paraíso de todos" se dedica este año a apoyar la candidatura del archipiélago a Geoparque de la UNESCO

El Concello promueve la máxima protección de las Cíes como geoparque de la Unesco. El proyecto escolar de FARO "O Paraíso de todos" se dedica este año a apoyar la candidatura del archipiélago a Geoparque de la UNESCO.

“La ciudad está empeñada en proteger y conservar las Islas Cíes para que sean Geoparque de la Unesco”

El Gobierno de Vigo lidera la propuesta de candidatura del archipiélago a esta distinción a patrimonio mundial

El Concello de Vigo lidera la propuesta de candidatura del archipiélago de las Islas Cíes a Geoparque de la Unesco. El alcalde, Carlos Casares, ha anunciado que el gobierno municipal está trabajando para que el archipiélago sea declarado Geoparque de la Unesco.

“Las islas Cíes tienen un valor incalculable para los vigueses”

Abel Caballero resalta la importancia cultural y ambiental del archipiélago. El proyecto educativo persigue que los más pequeños “muestren cómo las ven a través de sus ojos”

Abel Caballero resalta la importancia cultural y ambiental del archipiélago. El proyecto educativo persigue que los más pequeños “muestren cómo las ven a través de sus ojos”.

Para participar en el certamen Xeoparque Illas Cíes, o Paraíso de todos

El proyecto educativo persigue que los más pequeños “muestren cómo las ven a través de sus ojos”

El proyecto educativo persigue que los más pequeños “muestren cómo las ven a través de sus ojos”.

Páxinas BContent publicadas.

2.5.2.1.2.- BÁNERS-MICROSITES PROMOCIONAIS

Seguindo o traballo de promoción das Illas Cíes no mundo dixital, contratáronse varios bñners publicitarios, que garantiron unha extensa difusión e promoción a nivel rexional e nacional. Os bñners contratados foron:

- Bñner na web do xornal local Atlántico Diario de 300x300 con enlace ós contidos de Xeoparque incluídos na propia web. O bñner dar  acceso   os contidos publicados nos cadernillos..
- No xornal Faro de Vigo, contrat ronse dous Bñners: Un con acceso   participaci n do concurso e outro,   espazo microsite para dar a informaci n sobre as vantaxes de que as Illas C es sexan reco necidas Xeoparque da UNESCO.



B ner participaci n no concurso



B ner ao microsite contratado



Captura do microsite desenvolvido na Web do xornal Faro de Vigo.

2.5.2.1.3.- LIBRO CÓMIC

Publicación do libro de historietas no que colabora Kiko da Silva. En 2021, no marco do Certame de Arte Urbana CíesTalent, lanzáronse dúas convocatorias de proxectos, un dirixido á cultura do graffiti e outro dirixido ás bandas deseñadas.


O obxectivo de ambos certames era promover a divulgación e o coñecemento do arquipélago e desenvolver o seu potencial como fonte de inspiración para diversas disciplinas artísticas. Finalizado o prazo de presentación de bosquexos, conformouse un xurado formado por representantes do Concello de Vigo, expertos da arte da banda deseñada e membros do comité de candidatura, quen seleccionou 7 propostas variadas que destacan, tanto pola calidade das ilustracións, como pola orixinalidade e desenvolvemento da historia que buscan transmitir.



O conxunto de traballos presentados e seleccionados puxo en valor a gran calidade de autores/as de banda deseñada galegos/as, cunha gran variedade de estéticas e estilos gráficos así como temáticos. É unha mostra de que a banda deseñada é unha arte contemporánea e moi adecuada para a difusión do noso patrimonio dunha maneira entretida e interesante para todas as idades.

As 7 historietas desenvolvidas teñen unha extensión media de entre 6 - 10 páxinas ilustradas que abordan narrativas moi variadas, desde historias ilustradas bélicas, inspiradas nas evidencias históricas do paso de Xulio César polas Illas, pasando por historias de aventura e fantasía, onde as Cíes son unha contorna máxica para dar renda solta á imaxinación e creación de personaxes fantásticos, así como historias que buscan remover conciencias para facer un uso máis respectuoso desta contorna.

Na seguinte fase, Kiko Dasilva, comisario do programa, foi o encargado de dar forma ás historias e integralas nun só libro conxunto. Unha tirada de 1.000 libros enviáronse a todas as bibliotecas públicas e centros educativos da cidade.



2.5.2.1.4.- CAMPAÑA DE CUÑAS RADIOFÓNICAS

En colaboración co departamento de comunicación do Concello e o equipo de coordinación para a presentación da candidatura, redactouse un texto para unha cuña radiofónica de 20” en galego, que emitíuse nas principais cadeas de Radio locais (ver táboa). Emitíronse 128 cuñas en total do 2 ao 15 de decembro.

CAMPAÑA PEDAGÓXICA XEOPARQUE	Nº DE CUÑAS
Cuñas Radio Vigo SER.	32
Cuñas emisora Los 40.	32
Cuñas emisora Los 40 Classic.	32
Cuñas emisora Cadena DIAL.	32
Cuñas totais	128

Cuñas contratadas

2.5.2.1.5.- PROGRAMA DE RADIO “HOY POR HOY”

O 7 de decembro de 2023 realizouse unha entrevista coa participación do Alcalde de Vigo dentro do programa “Hoy por hoy Vigo”. Este programa ten unha audiencia de 16.000 oíntes o día (segundo datos 2ª ola EGM 2023).

Procedeuse á difusión dos contidos tratados na entrevista, a través das Redes Sociais de Radio Vigo (Facebook, Instagram e X), onde Radio Vigo suma máis de 32.000 seguidores.



2.5.2.1.6.- PROGRAMA DE TELEVISIÓN EN TELEVIGO “LA ENTREVISTA”

Participación no programa de televisión “La Entrevista” o pasado 19 de decembro (o programa gravouse o 15 de decembro) na cadea local de televisión TELEVIGO.



Imaxes do programa e de publicacións nas RRSS

2.5.2.1.7.- CAMPAÑA SPOTS EN TELEVISIÓN

Contratouse a emisión de **119 spots** de televisión de 20” na cadea local TELEVIGO. O obxectivo desta acción é dar visibilidade á presentación da candidatura a Xeoparque das Illas Cíes entre a cidadanía.




2.5.2.1.8.- INSERCIÓNS PUBLICITARIAS

Aproveitando o labor dos comités que traballan na preparación da candidatura e as accións executadas ó longo do ano, elaboráronse 2 cadernillos divulgativos:

- 1º Cadernillo publicado o sábado 9 de decembro cunha tirada de 2.273 exemplares.
- 2º Cadernillo publicado o sábado 16 de decembro cunha tirada de 2.473 exemplares.

Os contidos dos cadernillos foron consensuados e aprobados polos comités, e mostraron os traballos realizados, e as vantaxes de que as Illas Cíes sexan Xeoparque Mundial da UNESCO.



EL ARCHIPIÉLAGO ASPIRA A SER INCLUIDO EN ESTA SELECTA LISTA POR SUS VALORES GEOLÓGICOS, DE GRAN INTERÉS CIENTÍFICO PARA ESTUDIAR LA EVOLUCIÓN DE LA TIERRA

1º Cadernillo



UN COMITÉ GEOCIENTÍFICO Y SOCIOECONÓMICO, DESIGNADO POR EL CONCELO DE VIGO, TRABAJA EN LA ELABORACIÓN DE LOS ESTUDIOS QUE DESTACAN LOS VALORES DE LAS ISLAS

2º Cadernillo

2.5.2.1.9.- EXPOSICIÓN DE TRABALLOS

Fixéronse os preparativos para a exposición íntegra das obras do I, II e III Desafío Audiovisual Illas Cíes e o certame CiesTalent no marco da presentación da candidatura Illas Cíes á UNESCO, do Concello de Vigo. Na exposición móstranse as obras que foron premiadas e seleccionadas en ambas convocatorias, nas modalidades de:

- Artes visuais – Fotografía.
- Artes Audiovisuais.
- Cómic e ilustración.



2.5.2.1.10.- PROMOCIÓN DO TURISMO CIENTÍFICO E FORMACIÓN

Neste eido colaborouse coa Universidade de Vigo e traballouse en 2 liñas:

- Elaboración de fichas Lugares de Interese Xeolóxico:

Elaboración de fichas de lugares de Interese Xeolóxico para a identificación e catalogación de lugares de interese xeolóxico nas Illas Cíes. As fichas conteñen información detallada sobre os xeosítios específicos que se atopan no arquipélago. A creación destas fichas foi realizada por xeólogos, investigadores e expertos na área que forman parte do comité xeocientífico. Elaboráronse un total de 8 fichas. Estas fichas servirán de base para a elaboración de futuros materiais de promoción de turismo científico así como ao dossier de candidatura.



- Elaboración de material para os cursos de formación a Guías sobre novos produtos de turismo científico, onde inclúíuse o deseño do programa e a elaboración dos contidos para a súa futura implementación:

Este curso terá unha duración de aproximadamente 4 horas e ten como obxectivo formar e capacitar aos guías en turismo científico con coñecementos en xeoloxía. O deseño do programa tívose que axustar ao perfil dos guías, dos seus coñecementos e necesidades de aprendizaxe. Unha vez deseñado o programa elaboráronse contidos didácticos, especializados e actualizados para ofrecerlles os coñecementos necesarios para exercer a súa actividade adecuadamente e ofrecer un servizo de calidade aos turistas interesados no turismo científico e xeolóxico.



2.5.2.1.11.- BOLETÍN DIXITAL E ELABORACIÓN DE CONTIDOS

Coordinación do deseño e publicación dun boletín divulgativo sobre Illas Cíes Xeoparque da UNESCO. Deseñouse a estrutura do boletín dixital de Xeoparque, e elaborouse o documento base nº 0 en coordinación cos comités.

Elaboración dos contidos do primeiro número dun boletín para promocionar o patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e a próxima candidatura da presentación das Illas Cíes a Xeoparque Mundial da UNESCO. Os contidos do boletín realizáronse en coordinación co comité socioeconómico e xeocientífico para garantir a calidade e a coherencia da información achegada. Unha vez revisado polo comité de expertos procedeuse á edición e deseño do boletín. O boletín é dixital e será o primeiro exemplar publicado.



Con respecto á maquetación, realizouse o deseño e estruturación visual dos contidos facéndose máis atractiva para o público obxectivo.

2.5.2.1.12.- REPOSITORIO DOCUMENTAL E ELABORACIÓN DE MAPA.

Nesta acción traballouse na recollida e creación de documentación, especificamente traballouse en dúas áreas, coa supervisión dos expertos:

- Repositorio documental de investigacións, institucións e nichos de coñecemento sobre os xeoparques e xeoturismo:

Repositorio documental que recompila investigacións publicadas, as institucións e investigacións a nivel nacional que traballaron en xeoparques. Este repositorio permitirá á colaboración e intercambio de coñecemento con outros xeoparques para a creación dos contidos cara o Congreso Anual de Xeoparques UNESCO do ano 2024. Este repositorio será cargado inicialmente nun espazo dixital na nube para a súa posterior integración na web específica que se creará da candidatura.



- Elaboración e maquetación do Mapa de Lugares de Interese Xeolóxico e roteiros:

Elaboración e maquetación do Mapa de Lugares de Interese e roteiros xeolóxicos nas Illas Cíes. A elaboración do Mapa de Lugares de Interese Xeolóxico das Illas Cíes será realizado por expertos xeólogos e cartógrafos que incorporarán a localización dos

xeositios que se atopan ao longo das tres illas que conforman o arquipélago. Devandito mapa contará cunha descrición dos Lugares de Interese Xeolóxico onde se especifiquen as características de cada Lugar de Interese Xeolóxico. Unha vez elaborado o mapa se maquetará de forma que sexa fácil de interpretar, tamén se realizará o deseño dos roteiros xeolóxicos que permitan aos turistas coñecer os xeositios de maneira segura e organizada.



2.5.2.1.13.- VÍDEO DIVULGATIVO ILLAS CÍES XEOPARQUE

Elaboración dun vídeo divulgativo das Illas Cíes Xeoparque UNESCO. No proceso creouse un guión, a gravación de imaxes adicionais e a organización e gravación de entrevistas a investigadores.

Este vídeo seguirá o mesmo formato do vídeo de preparación para a presentación da candidatura das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade. Incluirá as voces de membros do Comité Científico e Socioeconómico, así como representantes do Concello e do propio alcalde de Vigo.



Para a elaboración deste vídeo documental primeiro elaborouse un guión onde se describiron os temas a abordar e como se presentarán. Unha vez elaborado o guión procedeuse á gravación de imaxes adicionais da xeoloxía e biodiversidade das Illas Cíes que axudaron a ilustrar a narrativa documental de Cíes como Xeoparque.

Tamén se organizaron as entrevistas onde graváronse a investigadores que forman parte do Comité de Expertos das Cíes.

2.5.2.1.14.- REPOSITORIO FOTOGRÁFICO E AUDIOVISUAL DAS ILLAS CÍES

Repositorio fotográfico e audiovisual da xeoloxía e biodiversidade das Illas Cíes. Este repositorio deberá contar cunha ampla colección de imaxes de alta calidade que documenten a xeoloxía (formacións rochosas, praias, furnas, etc.), e a biodiversidade (flora e fauna) do arquipélago. Este repositorio audiovisual pon en valor aspectos destacados da xeoloxía das Cíes.



2.5.2.1.15.- EDICIÓN DE MATERIAIS

MERCHANDISING


Deseñáronse e adquiríronse bolsas de algodón con asas longas, confeccionadas en material 100% algodón orgánico de 140 g/m² e dimensións: 38 x 42 cm. Incluíuse un tráfese dixital a toda cor nunha cara duns 300 x 260 mm.



TEASERS

Elaboráronse 14 teasers sobre "As Illas Cíes rumbo ao recoñecemento como Xeoparque mundial da UNESCO". Estes teaser implican varios pasos e formatos, tanto para o seu uso impreso como en RRSS:

- Realización de Viñetas (Dípticos ou Trípticos): Isto supón deseñar pezas gráficas en formatos de dous (dípticos) ou tres (trípticos) paneis. Estes paneis contan unha historia curta, ou presentan información de maneira secuencial sobre as Illas Cíes e o seu potencial como Xeoparque mundial da UNESCO. As viñetas deséñanse atractivas visualmente para captar a atención do público.
- Versión Animada das Viñetas: Á parte das versións impresas, estas viñetas adaptáronse a formatos animados. Isto engade un elemento dinámico á narrativa, facendo a información máis atractiva e fácil de entender. A animación inclúe elementos como o movemento das ondas, a fauna das Illas Cíes, ou representacións de actividades xeolóxicas.
- Edición de Son: Para complementar a animación, realizouse unha coidadosa edición de son. Inclúe música de fondo, efectos de son naturais como ondas do mar ou cantos de aves e narracións que guían ao espectador a través do contido.
- Utilización Impresa e en Redes Sociais: Estes materiais foron deseñados tendo en conta o seu uso tanto en formatos impresos como dixitais. Para as redes sociais, as adaptacións incluíron versións máis curtas ou modificadas para adaptarse aos límites de tempo e formato de plataformas específicas.
- Contido Educativo e Informativo: Historia e Xeoloxía das Illas Cíes, detalles sobre a formación xeolóxica, fauna e flora únicas, e a historia humana das illas.



2.5.3.- RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED

Un ano máis procedeuse a renovar o selo SICTED³, programa desenvolvido pola Secretaría de Estado de Turismo, que ten como finalidade a xestión integral e permanente da calidade nun destino turístico, englobando tanto os servizos turísticos propiamente devanditos como aqueloutros que sen selo estritamente, inciden no itinerario de consumo do turista.

Para a renovación deste ano procedeuse a:

- Auditoría de control e seguimento.
- Plan de Formación.
- Plan de Mellora.
- Elaboración Informe de calidade.



Asinado:

Presidenta do Comité Executivo da Fundación Vigo Convention Bureau

M^a Carmen Lago Barreiro

Tesoureiro da Fundación Vigo Convention Bureau

César Sánchez Ballesteros

Secretario da Fundación Vigo Convention Bureau

Arsenio Fidel Prieto Martínez

³Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos